

XLII CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS

Bases

- 1º.-Poderán participar no concurso tódolos grupos de gaitas tanto de Galicia coma dos Centros Galegos de España e do estranxeiro que toquen con gaita tradicional (sen modificación de ningún tipo)
- 2º.-As solicitudes de inscrición no modelo que facilita o departamento de cultura municipal dirixiranse ó rexistro de entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas. Serán gratuítas e deberán recibirse ata o día 12 de setembro de 2009. Cada un dos grupos participantes proporcionará coa inscrición o enderezo e número de teléfono segundo modelo de inscrición que se lle facilita. A orde de participación no concurso será inverso á da inscrición.
- 3º.-Os instrumentos obrigatorios para concursar serán: dúas gaitas, un bombo e un tamboril ; non serán admitidos máis instrumentos dos enumerados nin menos, debendo os participantes vestir o traxe tradicional completo.
- 4º.- No suposto de que o número de grupos inscritos sexa inferior a quince, poderase celebrar o concurso en xornada única o domingo, e os grupos participantes percibirán unicamente as dietas correspondentes a semifinal. Os compoñentes dos grupos participantes non poderán participar na mesma edición do concurso con outro grupo.
- 5º.-No suposto de contar con máis de quince grupos, estes estarán diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas ás 17.00 h. da tarde do sábado día 19 de setembro para comprobar a súa inscrición; de seguido percorreren as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o Centro Artístico Sportivo, onde ás 18.00 h. da tarde terá lugar a fase eliminatoria do concurso. Nesta fase tocarán dúas pezas de libre elección. O tempo total de ámbalas dúas pezas será como máximo de 8 minutos.
- 6º.-O veredicto do xurado cos dez grupos que se clasifican para a FINAL darase a coñecer ó remate da fase eliminatoria. Así mesmo ó remate da mesma levarase a cabo o sorteo para determinar a orde de participación na final do concurso. Estes dez grupos clasificados para a fase final tocarán dúas pezas na rúa o sábado unha vez rematado o concurso.
- 7º.-Os dez grupos clasificados para a final estarán ás 10,45 h. da mañá do domingo día 20 de setembro de 2009, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas, a fin de percorrer as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o Centro Artístico Sportivo onde a partir das 11.30 h. da mañá terá lugar a FINAL do XLII CONCURSO DE GAITAS. Nesta fase final serán interpretadas dúas pezas de libre elección que, como as interpretadas na fase eliminatoria, serán de raíz melódica galega. Igualmente en ámbalas fases non se admitirá interpretación de suites nin de popurrís. O tempo total de ámbalas dúas pezas será como máximo de 8 minutos. O Xurado valorará a interpretación de pezas distintas as tocadas na fase eliminatoria.
- 8º.-Permítese a afinación dos instrumentos musicais no escenario, e o Xurado é competente para declarar algún dos premios desertos.
- 9º.-Para recoller o premio deberán subir ó escenario tódolos compoñentes de cada un dos grupos clasificados nos catro primeiros postos, debendo vestir o traxe tradicional completo.
- 10º.- A comisión organizadora aboará a tódolos grupos participantes que non obteñan premio a cantidade de 100,00 euros, cantidade que se destinará a sufragar os gastos de desprazamento. Os seis grupos seleccionados polo xurado para a final, que non obtivesen premio, percibirán ademais 50 euros máis en concepto de participación na final.
- 11º.-A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a absoluta conformidade coas decisións da Organización e o Xurado, sen dereito a reclamación ou recurso ningún.